



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería
de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, nº 2
15008 A CORUÑA

galicia

CONCELLO DE TORDOIA

Código: A12X00894

Asunto: comunicación entrada en vigor de Decreto 98/2020.

O pasado 14 de xullo publicouse no DOG o Decreto 98/2020, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia. No mesmo indícase que nas autorizacións dos espectáculos públicos e actividades recreativas, tanto competitivos como non competitivos, a persoa organizadora deberá achegar coa solicitude *“o informe dos concellos en que se desenvolve o espectáculo público ou a actividade recreativa , sobre a súa viabilidade”*.

Segundo a disposición derradeira segunda, o citado decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación, polo tanto a partir do 14 de agosto os organizadores dos espectáculos públicos e actividades recreativas solicitarán directamente informe aos concellos polas que discorren as mesmas.

Ademais, cómpre salientar que a disposición adicional primeira establece que *“ o disposto nos artigos 8 e 9 deste decreto poderá ser aplicado con carácter supletorio por aqueles concellos que non teñan en vigor unha ordenanza específica na materia, respecto daqueles espectáculos públicos e actividades recreativas que lles corresponda autorizar por desenvolverse dentro do seu termo municipal”*.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
A Xefa Territorial

María Barreiro Lázare

